

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 04 DE ABRIL DE 2023

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00016919H.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada con data de 27 de marzo de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00036464K.

Licenza de obras de legalización de rehabilitación de vivenda unifamiliar, construción de edificación auxiliar e reconstrución de hórreo no lugar da Sionlla, 8 (C).

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER licenza de OBRAS de legalización de rehabilitación de vivenda unifamiliar, construción de edificación auxiliar e reconstrución de hórreo no LUGAR DA SIONLLA, 8 (C), segundo Proxecto técnico co visado colexial de 16/07/2021 e anexos con data de visado de 02/11/2021 e 28/09/2022, cun orzamento de execución material de 134.810 €.

As actuacións consistirán na legalización da rehabilitación integral de edificación principal con uso vivenda de dous plantas, superficie construída de 223,74 m², ocupación en planta de 136,27 m² e altura de 6,25 m²; construción de vivenda auxiliar de 60,45 m² e reconstrución de hórreo de 14,40 m². A edificación está situada en solo clasificado como de núcleo rural no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 13 do PXOM.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00044518K.

Regularización de parcelas de solo rústico sitas no lugar Gracios.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento de data de visado do 02.09.2022, a regularización das parcelas de solo rústico referencia catastral 15079B511003330000IE e 15079B511003310000II sitas no Lugar Gracios, Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas.

PARCELA RESULTADO A. Superficie 7.470m²s Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria.

PARCELA RESULTADO B. Superficie 7.470m²s. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00043590J.

Demolición de edificación en Rúa Outeiro de Sar,14.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 01/06/2022 e a documentación presentada o 20/08/2022, cun orzamento de execución material de 2.200,00 €, a demolición de edificación situada na rúa Outeiro do SAR, 14 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00030755N.

Aceptar da cesión de viario e licenza para a rehabilitación integral e ampliación de edificación destinada a uso de vivenda familiar en rúa Picaños, 22.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 30/09/2022 outorgada ante Notario co número de protocolo 3054. Debera presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto básico e de execución de data de visado do 06/06/2022 e a documentación complementaria achegada nas datas 28.11.2022 e 25/01/2023, cun orzamento de execución material de 83.380,63 €, rehabilitación integral e ampliación dunha edificación destinada a uso de vivenda familiar na Rúa de Picaños, 22 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00006049C.

Legalización de piscina exterior na rúa da Angustia, 42.

Acórdase conceder legalización de piscina exterior na rúa da Angustia, 42 Santiago de Compostela (A Coruña) segundo o proxecto de legalización de data de visado do 30/09/2021, cun orzamento de execución material de 6.812,64 €.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00032348H.

Reforma da casa diocesana de exercicios espirituais de Santiago de Compostela, situada na rúa José María Suárez Núñez nº1.

Acórdase conceder ao Arcebispado de Santiago de Compostela licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 07/06/2022 e a documentación técnica complementaria (planos modificados) de data 05/10/2022, a realización de obras de reforma da casa diocesana de exercicios espirituais de Santiago de Compostela situada na rúa José María Suárez Núñez nº1 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 340.044,28 €.

8. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/494/2019.

Licenza de obras de reforma e ampliación para pensión e restaurante na rúa Fontiñas, 82.

Acórdase CONCEDER licenza de obras de reforma e ampliación para pensión con restaurante en planta baixa, na RÚA FONTIÑAS, 82, segundo Proxecto básico modificado número 3 con data de 01/07/2022 e anexo asinado con data de 18/01/2023 cun orzamento de execución material de 201.530 €.

As actuacións consistirán en obras de reforma de baixo e primeiro e ampliación de planta segunda e baixo cuberta para uso de pensión con restaurante na planta baixa, cunha superficie construída total de 732 m², ocupación en planta de 204 m² e altura de 13,62 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza ZURS do PERI de Concheiros, Cotaredo San Lázaro.

9. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00011062B.

Ampliación do prazo da posta en funcionamento da concesión demanial outorgada na parcela EQLeste- do SUNP-4.

Estímase a solicitude COGAMI de 02/02/2023 ampliando a posta en funcionamento da concesión demanial outorgada na parcela EQLeste- do SUNP-4 ata decembro de 2023.

10. DEPORTES. Referencia: 2023/00004096F.

Desestimación do estudo de viabilidade e anteproxecto de obra presentado pola empresa LIFE MANAGEMENT SL, para a construción e explotación dun centro deportivo en Santa Marta.

Desestímase o estudo de viabilidade e anteproxecto presentado pola empresa LIFE MANAGEMENT SL, por non axustarse ás necesidades municipais e pola incompleta xustificación da súa viabilidade.

11. DEPORTES. Referencia: 2023/00016133Z.

Actuacións preparatorias dun contrato de concesión de servizos, que comprende a execución de obra, para a dotación dun complexo deportivo no barrio de Santa Marta.

Acórdase:

Primeiro: aprobar inicialmente o estudo de viabilidade económica-financeira e o anteproxecto como actuacións preparatorias do expediente de concesión de servizo (e máis obra) de explotación dun complexo deportivo no barrio de Santa Marta.

Segundo: someter a información pública ambos documentos por prazo dun mes.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00003725G.

Autorización da devolución da fianza constituída no contrato de “Execución das obras de renovación de viais e beirarrúas na Av. Quiroga Palacios ” CON/53/2014.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *OGMIOS PROYECTO, SL*, por importe de 22.587,36 euros para responder do contrato de “Execución das obras de renovación de viais e beirarrúas na Av. Quiroga Palacios ” CON/53/2014.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00033477C.

Adxudicación do contrato da “Subministración de probas de detección de drogas por saliva para o equipo de detección de drogas Sotoxa para a Policía Local de Santiago de Compostela” á empresa TRADESEGUR S.A.

Acórdase

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto a *Subministración de probas de detección de drogas por saliva para o equipo de detección de drogas Sotoxa para a Policía Local de Santiago de Compostela* mediante procedemento negociado sen publicidade á empresa TRADESEGUR S.A por un importe total de 39.930,00 € (Base imponible: 33.000,00 €, IVE do 21%: 6.930,00 €).

Segundo: Reaxustar e comprometer o gasto que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 060 13200 2219900 reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

2023: 12.000,00 €

2024: 13.310,00 €

2025: 13.310,00 €

2026: 1.310,00 €

TOTAL: 39.930,00 €

No caso de traballos de carácter plurianual, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00059273X.

Aprobación do expediente de contratación do “Sistema de xestión integral da base de datos Oracle do Concello de Santiago de Compostela”, cun orzamento base de licitación de 154.215,37 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de licitación do contrato mixto de servizos e subministración do *Sistema de xestión integral da base de datos Oracle do Concello de Santiago de Compostela* cun orzamento base de licitación de 154.215,37 € (base impositiva de 127.450,72 € máis IVE do 21% por importe de 26.764,65 €)

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de **154.215,37 euros** para as anualidades 2023, 2024, 2025, 2026.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00007321N.

Aprobación do expediente do “Contrato baseado no Acordo marco para a subministración de gas natural a través da Central de Contratación da FEMP, para a subministración de gas nas dependencias municipais do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación que ten por obxecto a tramitación dun Contrato Baseado nun Acordo Marco da FEMP para a subministración de gas natural - Lote 1, en dependencias municipais do Concello de Santiago de Compostela cun orzamento base de licitación de 136.500,00 € (base impositiva de 130.000,00 € máis IVE do 5% por importe de 6.500,00 €).

Segundo: Abrir conforme ao disposto nos artigos 219 a 222 da LCSP o procedemento de adxudicación do devandito contrato baseado no acordo marco formalizado pola FEMP para a subministración de gas natural en dependencias municipais do Concello de Santiago de Compostela con ENDESA ENERXÍA, S.A.U. e GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A para o lote 1.

A tramitación, adxudicación, formalización e execución do contrato baseado rexeráse polos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o acordo marco e pola normativa aplicable a ese tipo de contratos.

Terceiro: Ordenar o envío das invitacións ás empresas adxudicatarias do Lote 1, ENDESA ENERXÍA, S.A.U. e GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A, e solicitarlle a subministración de gas natural dos edificios e locais municipais recollidos na cláusula 21 do Informe de Necesidade, de acordo co PCA. E o PPT

Cuarto: Autorizar un gasto total por importe de 136.500,00 € que se imputará á aplicación orzamentaria 030 92000 2210301 coa seguinte desagregación de anualidades:

2023: 90.000,00 €

2024: 46.500,00 €

O importe do IVE é de 6.500,00 €. O gasto de exercicios futuros queda condicionado á consignación do crédito correspondente nos respectivos orzamentos.

Quinto: Nomear como responsable do contrato ao Enxeñeiro Técnico do Servizo de Obras e Proxectos de conformidade coa cláusula 21.4 do PCA.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00005208S.

Aprobación do expediente de contratación Servizo para a execución de diversas operacións de desbroza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 790.000,00 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do *Servizo para a execución de diversas operacións de desbroza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela (2023-2025)*, cun orzamento base de licitación de 790.000,00 €, (base impositiva de 652.892,56 € máis IVE do 21% polo importe de 137.107,44 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de **790.000,00 €**, que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 2100001, coa seguinte desagregación por anualidades:

Exercicio orzamentario

2023: 200.800,00 €

2024: 395.000,00 €

2025: 194.200,00 €

Total: 790.000,00 €

O gasto de exercicios posteriores queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: F/2023/610.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, en concepto de servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de xaneiro de 2023 (F/2023/610 por importe de 11.797,50 euros).

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente ao mes de xaneiro de 2023, por importe de 11.797,50 euros.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de once mil setecentos noventa e sete euros con cincuenta céntimos (11.797,50) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2270000. do orzamento vixente.

3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

18. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00009490L.

Resolución de alegacións e aprobación definitiva das novas autorizacións para o exercicio da actividade de venda ambulante na vía pública. Artesanía 2023.

Acórdase:

1.- Adxudicar as autorizacións para o exercicio de venda de artesanía na vía pública

2.- De conformidade co establecido nas bases, a adxudicación realízase a favor dos seleccionados que cumpran os requisitos, condicionada á presentación do xustificante do pago da taxa municipal no prazo de 15 días hábiles. O concello resérvase a potestade de cambiar a ubicación ou suprimir os postos, previa comunicación aos titulares autorizados, ante a concurrencia de circunstancias excepcionais ou de interese xeral que o fixesen necesario. Neste senso atendendo ás peticións dos titulares de establecementos comerciais das zonas próximas aos espazos onde se ubican os postos, propónse a seguinte distribución de postos:

- 6 postos na Praza da Inmaculada.
- 7 postos na Rúa Salvador Parga.
- 4 postos na Praza de Cervantes.
- 1 posto na Praza Fonseca (fotógrafo).

3.- Tal e como establecen as bases, establecerase un sistema de rotacións nas diferentes ubicacións. A asignación inicial de postos (dado que a partires da primeira semana iníciase a rotación) realizarase en función da puntuación obtida e a orde de prelación escollida.

19. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00004182R.

Aprobación do nomeamento, gasto e retribución dos membros do xurado do Premio Exeria a proxectos de creación literaria 2023.

Acórdase:

1. Nomear como membros do xurado do Premio Exeria de proxectos de creación literaria ás seguintes persoas:

David Cortizo Conde

Iris Cochón Otero

Henrique Alvarellos Casas

2. Designar como secretario a Xesús Amado Reino, técnico de programación cultural da concellería de Acción Cultural.

3. Aprobar o gasto por importe de 225 euros con cargo á aplicación orzamentaria 050 33400 2330000. Promoción cultural. Outras indemnizacións.

4. Retribuír os membros do xurado do Premio Exeria de proxectos de creación literaria con 75 euros menos a retención IRPF (11,25) quedando un líquido a percibir de 63,75 euros

20. DEPORTES. Referencia: 2023/00016832T.

Ratificación da resolución nº 2023/4430, pola que se concede á Sociedade Deportiva Compostela autorización de uso das bancadas de fondo norte do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro para a celebración da xornada 26ª do campionato de liga da Segunda RFEF o día 2 de marzo de 2023.

Ratifícase a resolución nº 2023/4430 da Concelleira de Deportes, pola que se concede á Sociedade Deportiva Compostela autorización de uso das bancadas de fondo norte do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro para a celebración da xornada 26ª do campionato de liga da Segunda RFEF o día 2 de marzo de 2023.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00016756Q.

Dar conta do Auto de inadmisión do recurso autonómico de casación núm. 4352/2022 do PO 109/2021 CA1.

Dase conta do Auto 034/2023. CAT 4352/2022, AP 4067/2022 TSX, PO 109/2021 CA1

Demandante: URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO SL

Obxecto: execución de aval para urbanización de polígono

O Auto de inadmisión do recurso de casación é favorable para o Concello. Non é susceptible de recurso.

A demandante formaba parte da Xunta de Compensación do Polígono II do SUP-3 de Pontepedriña. Durante o seu desenvolvemento, obtivo licenza para a construción dun edificio, achegando avais por importe de 202.187,66 euros para garantir a urbanización. O edificio construído obtivo a licenza de primeira ocupación, procedendo aquela á venda dos pisos resultantes. A Xunta de Compensación, na sesión do 12.02.2019, aprobou as cotas definitivas de urbanización, correspondéndolle a URBAN a cantidade de 142.979,38 euros. Ante a falta de pago, e a instancia de Xunta, o Concello resolveu proceder pola vía de prema para o cobro da cantidade indicada.

A defensa de URBAN centrábase no argumento de que, ao non ser xa propietario dos terreos, debía citarse aos novos propietarios dos pisos, na súa condición de xuntacompensantes. Tamén alegaba prescrición de débeda. Tanto o CA 1 en instancia como a Sala do contencioso, en apelación, rexeitaron os fundamentos e pretensión da demandante. Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.

2. Remitir ao Servizos de Planeamento e Xestión e de Tesourería-recadación para o seu coñecemento.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00025673V.

Dación de conta do auto recaído no procedemento PO 4359/2018 TSX.

Dase conta do Auto 033/2023. CAT 4017/2023, PO 4359/2018 TSX

Demandante: TUGALO SLU

Obxecto: modificación PXOM – Hospital Galeras.

O Auto de inadmisión do recurso de casación é favorable para o Concello. Non é susceptible de recurso.

A Sentenza do TSX viña de desestimar o recurso contra a modificación da ordenanza OE-5 do PXOM na súa dobre impugnación: o cambio de usos do antigo Hospital de Galeras, e a previsión dun segundo aparcadoiro público no subsolo da ZV.G (ZV-38).

A Sala do Contencioso do Tribunal Supremo, mediante providencia do 05.10.2022, no RCA 2267/2022, viña de non admitir o recurso de casación; da que se deu conta á Xunta de Goberno. Subsidiariamente, a recorrente presentou recurso de casación autonómico, fundamentado na omisión da memoria de sustentabilidade e do estudo económico na modificación impugnada (artigos 58.h e .j e 59.2 da Lei do solo de Galicia), xa que esta prevía un novo aparcadoiro público baixo unha zoa verde peonil xa existente, sen avaliación económica da actuación. Entendía aquela que a sentenza de instancia, ao desestimar o recurso, infrinxía os citados preceptos e ademais a xurisprudencia da mesma Sala e Sección en relación coas sentenzas ditadas con ocasión da modificación do Plan Especial da cidade histórica.

O Auto de non admisión, en primeiro lugar, transcribe o resolto pola Sección 2ª do TSX de Galicia para desestimar neste punto a impugnación.

A continuación, enumera o suposto de interese casacional obxectivo e a presunción da súa existencia invocados, que xustifican a fixación de criterio pola Sala:

a. Suposto: contradición con outras sentenzas (art. 88.2.a LXCA).

b. Presunción: apartamento deliberado da xurisprudencia por considerala errónea (art. 88.3.b LXCA). preceptos autonómicos que se consideran infrinxidos son reprodución da lexislación básica estatal, invocados no recurso de casación ante o TS, que como quedou dito non admitiu. A maior abastanza, e citando o Auto do TSX de Cataluña, do 10.05.2017, o Auto chega a afirmar que o recurso autonómico é mesmamente contradictorio coa regulación actual da casación, xa que implica que a resolución que se recorre, ditada pola sección especializada, sexa revisada pola sección non especializada, que ademais é rotatoria; unha sección que, segundo o artigo 86.3 LXCA, non ostenta o monopolio para formar xurisprudencia, nin ten prevalencia para rectificar a xurisprudencia emanada da mesma Sala do TSX, polo que non pode cumprir co mandato do artigo 93.3 LXCA.

Con respecto ao “suposto de interese casacional”, a Sección especial non aprecia contradición con fallos doutros órganos xudiciais porque ambas sentenzas, a impugnada e a invocada, proceden da mesma Sección 2ª da Sala do CA do TSX de Galicia. Ademais, tampouco concorre a “identidade” de supostos, descoñecéndose as características do solo como as particulares circunstancias da modificación puntual. En canto á “presunción de interese casacional”, a Sección especial non aprecia un apartamento deliberado da xurisprudencia por considerala errónea: non existe tal “declaración” na sentenza impugnada, polo que este requisito tampouco concorre.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00016759L.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento REV 4205/2022.

Dase conta da Sentenza 135/2023. REV 4205/2022, AP 4193/2019 TSX, PO 090/2017 CA 1

Obxecto: recuperación da posesión de parcelas no Polígono do Tambre.

A Sentenza é favorable para o Concello. Non é susceptible de recurso.

A revisión ten por obxecto a sentenza ditada na instancia, e confirmada en apelación, que desestimou o recurso interposto polo demandante contra as resolucións para a recuperación posesoria das parcelas empregadas na urbanización do polígono.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da Sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión – Patrimonio para o seu coñecemento.

24. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00016919H.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 24 ao 30 de marzo de 2023.